

Ler como actividade de lecer

A literatura tende a provocar reaccións, unha actitude fomentada no ensino de linguas. Esa reacción pode expresarse na aula ou nos clubs literarios. Podemos distinguir catro tipos de reaccións clásicas :

- a implicación : ter unha reacción persoal á lingua, ao estilo, ao contido, sentirse atraído por un aspecto da obra, por unha personaxe ou unha das súas características.
- a interpretación : atribuír un sentido ou unha importancia a aspectos da obra como os contidos, motivacións das personaxes, metáforas, etc.
- a análise : analizar certos aspectos da obra como a linguaxe, os artificios literarios, o contexto, as personaxes, as relacións, etc.
- a avaliación : dar unha apreciación crítica sobre a técnica, a estrutura, avisando artista, o significado da obra, etc.

Existe unha diferenza fundamental entre as dúas primeiras categorías (implicación e interpretación) e as dúas últimas (análise e avaliación). As dúas primeiras implican un punto de vista cognitivo máis simple que as dúas últimas, máis intelectuais.

Ficción, artigos, xornais, blogues, biografías, etc

As nocións clave concretizadas nesta escala son :

- lonxitude, variedade de textos con ou sen ilustracións ;
- tipos de textos, desde simples descrições de xente e de lugares, pasando por diferentes tipos de textos narrativos, de diferentes xéneros contemporáneos e clásicos ;
- temas, que van desde os máis cotiás ás situacións concretas, ata toda unha gama de temas abstractos e literarios ;
- tipo de linguaxe: desde a máis simple á máis complicada ;
- facilidade de lectura: desde adiviñar con axuda de imaxes, pasando pola lectura autónoma, a apreciar variedades de textos ;
- grao de comprensión: desde a comprensión global ata o sentido implícito e explícito.

C2 Comprender practicamente toda a información escrita, mesmo de textos de diferentes tipos, literarios ou non, en lingua clásica ou familiar, apreciando a subtilidades de estilo e o sentido explícito e implícito.

C1 Ler e apreciar unha gama de textos literarios, relendo e utilizando obras de referencia. Ler sen dificultade textos literarios e obras contemporáneas, escritas en lingua estándar, apreciando as ideas implícitas.

B2 Ler por pracer e de maneira autónoma, adaptando o modo e a rapidez de lectura aos diferentes tipos de textos (revistas, novelas, libros de historia, guías, poemas, etc) utilizando as referencias adecuadas. Ler novelas se a trama narrativa é simple e están redactadas nunha lingua asequible, sen condicionamentos temporais e con axuda dun diccionario.

B1 Ler nos xornais e nas revistas, críticas de filmes, libros, concertos, etc, escritas nunha linguaxe accesible e comprender os puntos principais. Comprender poemas simples e letras de cancións nun estilo simple. Comprender a descrición de lugares, eventos, sentimentos e puntos de vista explicitamente expresados en relatos, guías, artigos, etc, redactados nunha linguaxe extremadamente corrente e cotiá. Comprender un xornal de viaxe que describe os feitos principais durante o traxecto, así como as experiencias e as descubertas que a persoa fixo. Seguir a intrga dunha banda deseñada se o guión é claro e lineal, redactado nunha linguaxe estándar e coa axuda dun diccionario.

A2 Comprender suficientemente para ler historias e bandas deseñadas curtas, con situacións concretas e familiares, redactadas nunha linguaxe moi simple. Comprender os puntos principais de reportaxe sde reviasas, guías, que tratan sobre temas concretos e familiares. Comprender historias e descrições curtas sobre a vida dalguén, redactadas con palbras simples. Comprender o que pasa nunha novela gráfica e facerse unha idea das personaxes.

A1 Comprender relatos curtos ilustrados, sobre temas e actividades cotiás redactados con palabras simples. Pode comprender globalmente textos curtos de historias ilustradas, sempre que as imaxes axuden a adiviñar o contexto.